

DÚAS ESPECIES DO XÉNERO *DECONICA* NOVAS PARA GALICIA (N.O. PENÍNSULA IBÉRICA)

por
O. REQUEJO¹ et M.L. CASTRO²

REQUEJO, O. et CASTRO, M.L. 2014. Dúas especies do xénero *Deconica* novas para Galicia (N.O. Península Ibérica). *Mykes* 17: 7-11.

RESUMO:

Mencionanse por primeira vez para o catálogo micolóxico galego dous taxons do xénero *Deconica* (W.G.Sm.) P.Karst., pouco frecuentes, aínda que de ampla distribución.

Palabras clave: *Deconica*, *Psilocybe*, Galicia, Península Ibérica.

REQUEJO, O. et CASTRO, M.L. 2014. Two species of genus *Deconica* news for Galicia (N.W. Iberian Peninsula). *Mykes* 17: 7-11.

SUMMARY:

This is the first notice of two taxon *Deconica* (W.G.Sm.) P.Karst. for the Galician mycological catalogue, that are quite uncommon but of large distribution.

Key words: *Deconica*, *Psilocybe*, Galicia, Iberian Peninsula.

INTRODUCCIÓN

O uso de datos obtidos a partir de estudos moleculares e reconstrucións filoxenéticas están a producir modificacións taxonómicas nas clasificacións clásicas dos fungos, tanto a nivel de familia (CANNON et KIRK, 2007) como de xéneros, debido á natureza polifilética dalgún destes xéneros clásicos (MONCALVO et al., 2000).

1 San Xurxo, A Laxe nº12B, Salceda de Caselas E-36473-Pontevedra. e-mail: oscarequejo@hotmail.com

Membro do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire

2 Laboratorio de Micología. Facultade de Bioloxía. Campus As Lagoas-Marcosende. Universidade de Vigo. E-36310-Vigo. e-mail: lcastro@uvigo.es

Nesta situación atópase o xénero *Psilocybe*, que do sentido clásico (GUZMÁN, 1983) ata a actualidade (NOORDELOOS, 2009, 2011) sufríu varios cambios na súa definición (KIRK et al., 2001) e, probablemente, continúe a sufrilos (REDHEAD et al., 2007, RAMÍREZ-CRUZ et al., 2013). Os taxons combinados en *Deconica* por NOORDELOOS (2009, 2011) pertencían ao xénero *Psilocybe*.

Do xénero *Deconica* (W.G.Sm.) P.Karst. xa foran publicadas para Galicia as especies *D. horizontalis* (Bull.) Noordel. (MARCOTE et al., 2011) e *D. phillipsii* (Berk. et Broome) Noordel. (BLANCO-DIOS, 2014; CASTRO, 2005), *D. merdaria* (Fr.: Fr.) Noordel. e *D. merdicola* (Huijsman) Noordel. (CASTRO, 2005).

METODOLOXÍA

As descrições macroscópicas dos exemplares proveñen de anotacións tomadas en fresco durante a recollida. A revisión microscópica fíxose co material previamente deshidratado, e os reactivos usados foron Vermello Congo e Hidróxido potásico (KOH, 10%). As observacións fixéronse cun microscopio biolóxico trinocular Konus Infinity-3, con obxectivos de 40x e 100x, e oculares de 10x.

Para a identificación das especies foron usados os traballos de NOORDELOOS (1999, 2009, 2011) e as *exsiccata* foron depositadas na micoteca particular de Óscar Requejo.



DESCRIPCIÓN DOS TAXONS

***Deconica montana* (Pers.: Fr.)
P.D.Orton, Trans. Br. Mycol. Soc.
43(2): 175. 1960 [Fig. 1]**

Material estudado: Pontevedra (Po), As Neves, 29TNG4659, entre mofos, 30-XII-2012, O.Requejo, REQ-Fungi 488.

Fig. 1. *Deconica montana*
(REQ-Fungi 488)

Macroscopía: Píleo de 5-10 mm de diámetro, acampanado ou lixeiramente cónico, na madurez case plano e, ás veces papilado. Superficie lisa, higrófana, en estado húmedo de cor parda vermelliza a parda escura, brillante, viscosa e estriada por transparencia; ao secar pasa a ocre amarelenta. Láminas decurrentes, subventricosas, L= 15-20, relativamente distantes, con pequenas lamélulas intercaladas, de cor parda negruzca ou parda grisácea, oscurecendo e adquirindo certa tonalidade púrpura na madurez, coa marxe blancuzca e fimbriada.

Estipe de 13-20 x 1-1,5 mm, cilíndrico, en estado húmedo concolor co píleo, aínda que máis claro no ápice, ornamentado con fibras branquiñas lonxitudinais, pruinoso na inserción coas láminas. Carne branca tirando a gris, sen cheiro nin sabor relevantes.

Microscopía: Basidios de 22-25 x 6-7 μm , tetraspóricos, subcilíndricos, cun estreitamento pequeno na metade. Esporas de (6)7-8,5(10) x 4,5-5,5 x 3-3,5 μm , elipsoides, oblongas ou amigdaliformes, parede ancha, x0,75 μm e poro xerminativo evidente. Queilocistidios de 25-38 x 5-7 μm , abundantes, laxeniformes co colo tortuoso e ancho, ata 4 μm . Sen pleurocistidios. Pileipelis de tipo ixocute, formada por hifas cilíndricas de ata 6 μm de diámetro. Ten fíbulas en todas as estruturas observadas.

Observacións: Trátase dunha especie facilmente identificable polas láminas escuras e as esporas de paredes grosas. Está presente en rexións frescas (NOORDELOOS, 2011), tanto no Hemisferio Norte como no Sur (GUZMÁN, 1983). Na Península Ibérica ten unha distribución dispersa por todo o territorio (ESTEVE-RAVENTÓS *et al.*, 2007), aínda que non parece frecuente.

***Deconica subviscida* Peck, Rep. (Annual) New York State Mus. Nat. Hist. 41: 70. 1888 (1887) [Fig. 2]**

Material estudado: Pontevedra (Po), Salceda de Caselas, embalse de “As Covas”, 29TNG3662, sobre gramíneas secas, 24-II-2013, O.Requejo, REQ-Fungi 489; ídem, A Laxe, 29TNG3696, entre restos herbáceos, 14-X-2013, O.Requejo, REQ-Fungi 508.

Macroscopía: Píleo de 8-20 mm de diámetro, higrófano, marxe estriada por transparencia e aspecto viscoso en estado húmedo, cor parda vermelliza, parda ocrácea ou parda amarelada, con restos de veo na



Fig. 2. *Deconica subviscida* (REQ-Fungi 508)

marxe nos exemplares máis xóvenes. Marxe da lámina estéril, dentada e esbrancuxada. Estipe tomentoso na base.

Microscopía: Esporas de (6)6,8-8,8 x (4)4,5-5 μm , media= 7,4 x 4,9 μm , $Q_n=1,5$ ($n=35$), anchamente elipsoides a ovais, con poro xerminativo evidente e parede delgada. Queilocistidios laxeniformes ou subfusiformes, tortuosos, de 20-40 x 5-8 μm , ás veces ápice lixeiramente engrosado. Pileipelis de tipo ixocute, hifas ata 3 μm de diámetro. Fíbulas presentes en todas as estruturas observadas.

Observacións: A súa gran variabilidade asemella a outras especies de *Deconica* (NOORDELOOS, 2011) como *D. montana* (Pers.: Fr.) P.D.Orton, que se diferencia porque non presenta restos de velo no píleo e estipe, ou *D. inquilina* (Fr.) Romagn., con esporas romboidais.

Deconica subviscida é un taxon moi variable, de feito, NOORDELOOS (1999, 2011) describe tamén *Deconica subviscida* var. *velata* (Noordel. et Verduin) Noordel., basándose na aparente viscosidade e na persistencia de restos de veo na marxe do píleo, así como as esporas con parede ancha.

NOORDELOOS (2011) indica que se trata dun taxon con distribución dispersa e probablemente común en Europa e Norte América. Non a coñecemos citada para a Península Ibérica.

BIBLIOGRAFÍA

- BLANCO-DIOS, J.B. 2014. Fragmenta Chorologica Gallaecica, Fungi 184-244. Mykes 16: 41-53. [2013]
- CANNON, P.F. et KIRK, P.M. 2007. *Fungal Families of the World*. CAB International. Wallingford, UK. CABI Publishing. Wallingford, Oxon, UK.
- CASTRO, M.L. 2005. *Psilocybe* (Fr.) P.Kumm. (Basidiomycota, Strophariaceae) en Galicia (N.W. da Península Ibérica). Mykes 8: 71-81.
- ESTEVE-RAVENTÓS, F., LLISTOSELLA VIDAL, J. et ORTEGA DÍAZ, A. 2007. *Setas de la Península Ibérica e Islas Baleares*. Ed. Jaguar. Madrid.
- GUZMÁN, G. 1983. *The genus Psilocybe*. J.Cramer. Vaduz.
- KIRK, P.M., CANNON, P.F., DAVID, J.C. et STALPERS, J.A. (eds.) 2001. *Ainsworth & Bisby's Dictionary of the Fungi, 9th Edition*. CAB International. Wallingford, UK. CABI Publishing. Wallingford, Oxon, UK.
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. et TRABA, J.M. 2011. *500 setas del litoral atlántico y noroeste peninsular*. Ed. do Cumio. Pontevedra.
- MONCALVO, J.M., LUTZONI, F.M., REHNER, S.A., JOHNSON, J. et VILGALYS, R. 2000. Phylogenetic relationships of agaric fungi based on nuclear large subunit ribosomal DNA sequences. *Syst. Biol.* 49(2): 278-305.
- NOORDELOOS, M.E. 1999. *Psilocybe* In BAS, C., KUYPER, TH.W., NOORDELOOS, M.E. et VELLINGA, E.C. (eds). *Flora Agaricina Neerlandica* 4. A. A. Balkema. Rotterdam.
- NOORDELOOS, M.E. 2009. The genus *Deconica* (W.G.Sm.) P.Karst. in Europe – new combinations. *Österr. Z. Pilzk.* 18: 207-210.
- NOORDELOOS, M.E. 2011. *Strophariaceae. Fungi Europaei* vol. 13. Ed. Candusso. Alassio.
- RAMÍREZ-CRUZ, V., GUZMÁN, G., VILLALOBOS-ARÁMBULA, A.R., RODRÍGUEZ, A., MATHENY, P.B., SÁNCHEZ-GARCÍA, M. et GUZMÁN-DÁVALOS, L. 2013. Phylogenetic inference and trait evolution of the psychedelic mushroom genus *Psilocybe* sensu lato (Agaricales). *Canad. J. Bot.* 91(9): 573-591.
- REDHEAD, S.A., MONCALVO, J.M., VILGALYS, R., MATHENY, P.B., GUZMÁN-DÁVALOS, L. et GUZMÁN, G. 2007. Proposal to conserve the name *Psilocybe* (Basidiomycota) with a conserved type. *Taxon* 56(1): 255-257.